

*Revista galega
de pensamento
cristián*



DA CONQUISTA Ó ENCONTRO
VI Asemblea de Encrucillada

1492: Diversos sentidos dun mesmo
acontecemento

ENRIQUE DUSSEL

Galicia en América: vivencias

CARLOS SIXIREI

MANUEL SUÁREZ SUÁREZ

ARXIMIRO LÓPEZ RIVAS

Memoria de Faustino Boado

MERCEDES BOADO

EVARISTO RIVERA

Dussel, ¿un profeta da redención
latinoamericana?

MANUEL DOURADO DEIRA

Número 75
Novembro-Decembro
1991

Encrucillada

Encrucillada

Revista galega de pensamento cristián

Nº 75/Volume XV (1991/novembro-decembro)

SUMARIO

Guieiro

| | |
|------------------------------|-------|
| por Xavier R. Madriñán | 443/3 |
|------------------------------|-------|

VI ASEMBLEA

Presentación,

| | |
|------------------------------|-------|
| por Xavier R. Madriñán | 447/7 |
|------------------------------|-------|

1492: Diversos sentidos dun mesmo acontecemento,

| | |
|--------------------------|--------|
| por Enrique Dussel | 451/11 |
|--------------------------|--------|

Mesa redonda: *Galicia en América: vivencias*

| | |
|--|--------|
| — <i>O papel histórico da emigración galega a América,</i> por Carlos Sixirei Paredes | 469/29 |
|--|--------|

| | |
|--|--------|
| — <i>Galicia en América,</i> por Manuel Suárez Suárez | 471/31 |
|--|--------|

| | |
|--|--------|
| — <i>América en Galicia,</i> por Arximiro López Rivas | 476/36 |
|--|--------|

| | |
|---|--------|
| <i>Memoria do meu irmán Faustino,</i> por Mercedes Boado | 483/43 |
|---|--------|

| | |
|--|--------|
| <i>Crónica: Dussel, ¿un profeta da redención latinoamericana?,</i> por Manuel Dourado Deira | 488/48 |
|--|--------|

TESTEMUÑO

Faustino Boado, un cristián para a lembranza,

| | |
|-----------------------------------|--------|
| por Evaristo Rivera Vázquez | 496/56 |
|-----------------------------------|--------|

APORTACIÓNS

| | |
|---|--------|
| <i>Curas á medida,</i> por Xosé María Gómez Vilabella | 504/64 |
| <i>Feliz Nadal,</i> por Soledad Pite e M. R. Pereira Valcárcel | 507/67 |

CRÓNICAS

| | |
|---|--------|
| <i>Crónica política: Agardando o 92,</i> por Agustín Díaz | 508/68 |
| <i>Rolda da cultura: De galos coroados, autoidentificación cultural e outras músicas,</i> por Xesús Portas Ferro | 516/76 |
| <i>Rolda de Igrexa: E dixo Deus: ¡Xa vou!,</i> por Manuel Regal Ledo | 524/84 |

RECENSIÓNS

| | |
|--|--------|
| <i>Conversas con Avelino Pousa Antelo</i> , de A. Liñares Giraut, por Xosé Chao Rego | 532/92 |
| <i>Escritos pastorais</i> , de M. A. Araújo Iglesias, por Engracia Vidal | 534/94 |
| <i>La fe de un pueblo. Historia de una comunidad cristiana en El Salvador</i> , anónimo, por Xosé Chao Rego | 536/96 |
| <i>Libros chegados á Redacción</i> , por Engracia Vidal | 538/98 |

ÍNDICE XERAL DOS ANOS 1987-1991,

| | |
|--------------------------|---------|
| por Engracia Vidal | 542/102 |
|--------------------------|---------|

ILUSTRACIÓNS

| | |
|----------------------------|----------------|
| por Xosé María Pazos | 445/5 |
| por Soledad Pite | 465/25, 507/67 |

1492: Diversos sentidos dun mesmo acontecemento

Por Enrique DUSSEL

Calquera que asistise ás tres maxiáis conferencias que Enrique Dussel pronunciou na VI Asemblea, poderase sentir frustrado ó comparar este artigo relativamente breve coa riquísima fervenza oral dos apaixonantes discursos do autor. En realidade, resultaría imposible, por diversas razóns, transcribilos ó pe da letra. Ante tal circunstancia, pedíuselle ó autor que enviase desde México unha visión de conxunto, que é a que agora publicamos e que constitúe, ó noso parecer, unha magnífica introducción ó problema que nos ocupou na asemblea, que resultou toda ela literalmente inefable.

Quero deixar por escrito algunas ideas expostas en Santiago de Compostela no encontro de 1991 de ENCRUCILLADA.

No ano 1988 produciuse en México un debate sobre o significado do 1492 (1), o que mostrou a necesidade de clarexa-lo sentido *ideolóxico* das

(1) Algo antes da polémica, Guillermo Correa escribe un artigo co título: "Se levanta la voz indígena para impugnar la celebración del V Centenario", en *Proceso* (México), 516, 22 de setembro (1986), pp. 44-47, onde se dan testemuños das posicións de Leopoldo Zea, Miguel León Portilla, Abelardo Villegas, o autor destas liñas e outros. A polémica principiou co artigo de Leopoldo Zea onde se preguntaba: "¿Qué hacer con el V Centenario?", ó que Edmundo O'Gorman respondeu con "¿Qué hacer con Leopoldo Zea?", en *El Día. El Búho* (México), 28 de agosto (1987). O'Gorman escribiría, por outra parte, anos antes, tres artigos en *La Jornada. Semanal* (do 19 de maio, 30 de xuño e 7 de xullo de 1985), contra a posición de León Portilla. Este respóndelle o 4 de maio 11 de setembro de 1988 con "Las elucubraciones del inventor

diversas posicións, que é o que hoxe nos propoñemos expor. En realidade, as diferentes interpretacións que dende o presente se realizan sobre o 1492, dependen de *posicións ideolóxicas* que os mesmos expositores, ou as institucións, posúen hoxe sobre o pasado, con conciencia explícita ou implícita.

Por outra parte, lembro claramente que no seu discurso inaugural, Felipe González –ó se facer cargo do goberno de España por primeira vez, coma primeiro ministro da social democracia, en 1982– indicou que ós dez anos (en 1992) se festexaría de xeito moi especial o evento do 1492. España, que intentaba entrar no Mercado Común Europeo, tería ó 1492 coma unha das súas *glorias* ás que podía referirse perante os seus iguais europeos. É evidente que esta *gloria* é hoxe manexada por España moito máis do que hai dez anos, e en función, xustamente, da súa política de integración europea –e, non tanto, en canto intento de comprensión ou apoio a América Latina–. Por iso, o feito de que o 1992 fose fixado por Europa coma o ano da súa unidade económica indícanos, sen lugar a dúbidas, que os 500 anos teñen un significado particular. Hai cinco séculos Europa saíu do muro que o mundo

de la *Invención de América* ", en *El Día. El Búho* (México), das devanditas datas, onde a polémica se personaliza máis e máis: "Someter a xuizo, e condenar con saña ós que non aceptámo-la súa *Invención de América*, é a actitude belixerante do señor doutor Edmundo O'Gorman" (p.1). O'Gorman escribiu novamente outros artigos o 18 e o 25 de setembro, e o 2 de outubro sobre "Quinto Centenario del 12 de octubre de 1492. La visión del vencido", en *Ibid.* (1988), onde se acusa a León Portilla de que se retractou da súa primitiva tese sobre o "encontro". Ó que lle resposta Miguel León Portilla con : "Y, ¿qué hacer con Edmundo O'Gorman?", en *El Día. El Búho*, 2 de outubro (1988).

O 13 de outubro de 1988 líase en *El Día* (México): "Les aguaron la celebración del 12 de octubre" (p.1), onde se le que ante a estatua de Colón "os indíxenas berraban consignas tales coma: *Cristóbal Colón al paredón; si Zapata viviera, con nosotros estuviera: ¡Cuauhtémac, Cuauhtémac!*" E subindo os indíxenas á estatua de Colón chimpanron ó chan as flores que un grupo de hispanistas colocaran minutos antes.

Chaman a atención artigos coma o de Germán Arciniegas, "El capitán y la india", en *La Nación* (Buenos Aires), 25 de xullo (1989), onde se xoga coa relación do paí e nai de Garcilaso de la Vega (e onde o español, queda moi ben parado, o *capitán*).

Xa en 1990, Silvio Zavala, "Reflexiones sobre el descubrimiento de América" en *La Jornada. Semanal* (México), Nueva época, 33, 28 de xaneiro (1990), pp.19-24, realizou comentarios de obras recentes sobre o noso tema (outros artigos, coma, por exemplo, "De las varias maneras de ser indigenista", en *Ibid.*, 2 de outubro, 1988, etc., mantéñense sempre a un nivel informativo). En "Estado de la cuestión del V Centenario" (sempre en *El Día. El Búho*, 16 de outubro, 1988), quixo servir de mediador entre os polemistas.

L.Zea volvreu áinda sobre o tema noutro artigo: "¿Qué hacer con quinientos años?" en *El Día. El Búho* (México), 23 de xullo (1989), pp. 19-21 (nunha posición que poderíamos chamar *crítica* perante o evento). Pola nosa parte situarémonos, como poderá verse, adoptando unha actitude diferente a tódolos autores nomeados, e a partir do exposto dende as nosas primeiras obras históricas en 1966; na nosa tese de doutoramento sobre *El Episcopado hispanoamericano como defensor del indio*, defendida en La Sorbonne nese ano, xa nos colocabamos dende a perspectiva do *indio*.

islámico lle construíra durante máis de oito séculos –hai trece séculos, naquel 711, principiara a ocupación da península Ibérica por parte dos bereberes musulmáns do norte de África–. O 1992 pecha, entón, un ciclo na Historia Mundial. Desexamos pensa-lo seu significado dende a perspectiva de diferentes posicións ideolóxicas –todas elas *obxectivas, reais*, científicamente descriptibles, e non por iso menos opostas unhas a outras, porque xorden e se fundan en diferentes praxes no presente–.

Pola nosa parte, en 1984, no contexto dun seminario organizado en México sobre "A idea do Descubrimento" (2), comezamos este debate que agora intentamos continuar, onde expuxemos a idea de *encrubrimento*, por unha parte, e a necesidade do *desagravio* ó indio, por outra; ideas que serán retomadas posteriormente por outros autores.

Por outra parte, opinamos, o tema préstase para poder contar co mellor do pensamento filosófico actual. En efecto, cando Karl Otto Apel nos fala dunha "comunidade de comunicación", tema que posteriormente Jürgen Habermas desenvolve coma "acción comunicativa", permítenos situar exactamente a nosa problemática. Tanto o *indio* no pasado, coma no presente a realidade e mailo pensamento do mundo *periférico* (o Terceiro Mundo na súa socioloxía, filosofía, teoloxía, etc.), son os *excluídos*, os *afectados* polo *consenso* (*Verständigung*) ó que chega o exercicio da racionalidade europea (hoxe igualmente norteamericana e xaponesa), a do *centro*.

I. AS POSICIÓNIS IDEOLÓXICAS ADOPTADAS DESDE EUROPA

Aínda que pareza obvio, reunín en primeiro lugar as posicións ideolóxicas que se constitúen *dende Europa* (o *dende* non é xeográfico, senón ideolóxico; é *dende-onde* existencial e efectivamente se propón a

(2) Cita-lo artigo "Del descubrimiento al desencubrimiento (Hacia un desagravio histórico)" en *El Día. El Búho*, 9 de decembro (1984), pp.4-7 (publicado novamente en *Le Monde Diplomatique*, 76, abril, 1985, pp. 28-29). Como dixemos más arriba, dende as nosas primeiras obras, en 1964, vimos xa a importancia dunha reconsideración total da Historia Mundial, para describri-lo lugar de América Latina, do *indio* –desde o que principiámo-la nosa interpretación–. Véxase o meu artigo "Amérique Latine et conscience chrétienne" en *Esprit*, Juillet (1965). *O Outro* –o noso mestre parisino da década dos 60 en París suxeiruno-lo tema do *indio* coma *Outro*–, na súa *exterioridade* é a orixe dunha diferente interpretación da historia. Véxanse as miñas obras: *Para una ética de la liberación latinoamericana. Filosofía de la Liberación*, etc. Por este motivo, cando Tzvetan Todorov, que traballou en México, escribiu posteriormente *La conquista de América* non puido ignorar-los nosos traballois e aplicou a mesma hipótese, "*O Outro*" de Emmanuel Levinas, ó *indio* –o que lle deu un gran resultado–, pero non se fixo referencia a toda unha Filosofía da Liberación que dende finais da década do 60 viña traballando coas mesmas categorías. O importante son as ideas, non os seus autores.

cuestión, non importando se se é español, alemán ou mexicano). Só na segunda parte adoptaremos outro punto de vista e todo ha cambiar coma por efecto dunha revolución copernicana.

1492: A invención de América

Na lista de posibles posicións ideolóxicas –sen conciencia de tal, por suposto– non podemos deixar de lembrar a interpretación que, en 1957, propuxera o historiador Edmund O'Gorman, na súa obra *La invención de América* (3). A tese, de inspiración heideggeriana, e non sen influencia do pensamento do filósofo español exiliado do franquismo José Gaos, ten as virtudes dunha interpretación ontolóxica que supera as anécdotas superficiais. Se se toma coma punto de partida o "ser-no-mundo", todo des-cubrimento (no sentido da *alethéia* grega) pre-sub-pón, coma pre-existente, o xa dado no mundo da vida cotiá. É dicir, a idea do "des-cubrimento", que puido non darse na conciencia histórica dun Cristovo Colón, "é o resultado final e ineluctable dun desenvolvemento hermenéutico condicionado pola previa idea de que América é un *ente* investido dende sempre, para todos e en todo lugar, dun ser predeterminado [...], unha cousa en si" (4). O'Gorman, en belidas páxinas, vai mostrando cómo, en realidade, dende o *mundo* (no seu sentido ontolóxico existencial heideggeriano) de Colón e ou de Américo Vespucci, as cousas se foron manifestando. O "ser americano" vai aparecendo no devandito mundo concreto dende a anterioridade do "ser-asiático" das illas e terras encontradas no Mar Océano. En realidade, histórica ou biograficamente, na súa conciencia real, Colón nunca superou –ou non quixo superar, porque era o fracaso do seu intento– o "ser asiático" das terras "achadas" ou "encontradas" –e, polo tanto, para O'Gorman, nin sequera *descubriu* América no sentido cotián da palabra–. Pero aínda cando se coñeceu o "ser-americano" das terras "achadas", aproximadamente en 1507 (un ano despois da morte de Colón), e gracias á *Cosmographiae Introductio* e outras obras dese ano, tampouco ese acto foi un "des-cubrimento":

Cando se di que América foi descuberta temos un modo de explica-la aparición [...] dun ente –escribe maxistralmente O'Gorman– xa constituído no ser americano, pero cando afirmamos que América foi inventada, trátase dun xeito de explicar un *ente* que ten un ser que depende do modo en que xorde no *ámbito* daquela cultura (occidental) [...] coma resultado dun acontecemento que, ó acontecer, constitúe

(3) Fondo de Cultura Económica, México.

(4) *Ibid.*, p.11.

o ser dun *ente* (5). [Deste xeito, a cultura occidental ten] a capacidade creadora de dotar co seu propio ser a un ente que ela mesma concibe coma distinto e alleo (6).

O'Gorman logrou mostrar, quizais por vez primeira de xeito tan claro, a experiencia *real* e histórica que viviron os protagonistas daquel "evento (Ereignis)" entre 1492 e 1507 (uns quince anos), no que non había nada do que hoxe chamamos "América", senón algo así coma o "achado", "encontro" ou "recoñecemento" xeográfico e cultural dunha parte oriental de Asia (que O'Gorman denomina tan estrictamente o "ser-asiático" da futura América).

É dicir, *dende a perspectiva europea* –e isto supono O'Gorman, pero non ten conciencia *explícita* de que se trata dunha das perspectivas posibles (7)–, houbo primeiro un "ser-asiático" –e Colón aferrouse afanosamente a esta interpretación, porque, de non se-la Asia as terras recoñecidas, tódolos seus soños de grandeza e riqueza quedaban destruídos, e sobre todo, dada a pobreza que foi descubrindo de feito no Caribe–, para só posteriormente aparecer na conciencia explícita un *Novo continente*, que tivo por nome europeo *América* –polo xeógrafo italiano que adquiriu conciencia irreversible, na "comunidade de comunicación" do vello mundo, do meramente "encontrado" pero non "descuberto" con conciencia por Colón–.

O'Gorman chama "invención" ó "ser-asiático" da futura América, e ainda ó propio "ser-americano" (porque só no mundo europeo podía existir tal tipo de "ser"). Do que non se ten conciencia é de que ainda o "ser-americano", posterior ó "ser-asiático", foi só *europeo* e segue sendo ata o presente unha interpretación *tamén reductiva* do feito do 1492.

1492: O 'des-cubrimiento' de América

En efecto, para Heidegger, o dotar de sentido ó obxecto (coma para Husserl neste punto, e para evitar un idealismo absoluto) significa un encontro de dous momentos:

(5) *Ibid.*, p.91.

(6) *Ibid.*, p.97.

(7) Nun programa televisivo, en 1989, O'Gorman, para xustifica-la súa posición, explicaba que fóra dos europeos ningún outro suxeito cognoscente podía coñecer América coma totalidade. Porque os indíxenas tiñan unha visión absolutamente parcializada: só coñecían o seu mundo, a súa etnia, a súa rexión, pero non tiñan, coma os descubridores, unha visión de conxunto. Por suposto que nisto O'Gorman leva razón. Pero no que non ten razón é en crer que os indíxenas non tiñan por iso *ningunha* interpretación do acontecemento. Verémolo isto máis claro máis abaixo. É dicir, e seguindo o seu propio método, para os indíxenas nunca se deu a experiencia nin do "ser-asiático" (tan ben descrito por O'Gorman) nin do "ser-

Ser verdadeiro quer dicir ser des-cubridor (8). Co estado de des-cuberto móstranse os entes xustamente coma entes que xa antes eran [...]. Semellante comprender entes nas relacións que teñen baixo o punto de vista do ser, só é posible sobre a base do estado-de-aberto, é dicir, do ser-des-cubridor do ser-aí.

É dicir, constituí-lo sentido do "ser americano" do "achado" por Colón, evidentemente, non consiste en incluír no mundo de Colón o "xa-ser-americano". O "ser-americano" foi un acontecemento enchido de sentido por unha Europa posterior a Colón. Penso, sen embargo, que O'Gorman chama "invención" ó que Heidegger denomina estrictamente "des-cubrimiento". América, para Heidegger, foi "des-cuberta" primeiramente coma "asiática", pero non "inventada". "Inventar" significa algo así coma dotar do ser a algo radicalmente non-existente, inexistente, creado *ex nihilo* (sería un idealismo absoluto). Moi polo contrario, aínda no sentido que lle quere dar O'Gorman, o "ser" das terras "achadas" ou meramente "encontradas" foi a síntese do que "se manifestaba" (as illas, o seu clima, os seus habitantes, as súas palmeiras...) e o "posto (gesetzt)" polo europeo: o sentido (posto) polo europeo, do que os enfrentaba (xa existente, sen sentido europeo) (10) dende o "mundo" (dende onde se interpretaba ó "obxecto" achado) europeo.

América non foi entón *inventada* –dende a nada–, foi en cambio *des-cuberta* dende o mundo europeo. Tal des-cubrimiento (sacarlle o veo ó encuberto), ou a constitución (11) do sentido do "achado" foi, historicamente, un proceso diacrónico que durou, non só o tempo da pasaxe do "ser-asiático" ó "ser-americano", senón aínda a longa historia do que ese "ser-americano" chegou a significar para o europeo. Dende unhas etnias de indíxenas caribes

americano" (que foi unha percepción *europea* do acontecemento). Tiveron outra experiencia: a de *seren invadidos* ou a do *acontecemento* (*Ereignis*) do 1492 (ou das datas posteriores en que cada etnia ou pobo *viviu* a experiencia fáctica da *invasión, descubrimiento, ou conquista*) coma un *ser-coma-invasión*; ou aínda doutra maneira: o 1492 coma *Non-ser-máis*. Para esta experiencia O'Gorman é cego (cegueira do seu punto de partida: paradoxicamente é un latinoamericano que nega o seu punto de partida e sitúase coma europeo: ¿por qué?, ¿como é isto posible?; deberemos ir respondendo a estas cuestiós de fondo).

(8) *Sein und Zeit*, parágrafo 44, b; Max Niemeyer, Tübingen, 1963, p.219; trad. Gaos, FCE, México, 1968, p.240.

(9) *Ibid.* (pp.227-228; 248-249).

(10) Pero con sentido dende o mundo indio, como veremos posteriormente; e isto non o pode ver E. O'Gorman polo seu europeísmo.

(11) Esta constitución de sentido do "achado", que non é un mero *descubrir América* (coma un ente xa con sentido posterior), senón un irle dando sentido (non pre-existente) e *dende Europa*, é a gran proposta de O'Gorman, irrefutable. Eu non penso rebater isto, o que hei rebater é a súa pretensión de se-la *única perspectiva posible*.

sen cultura urbana, ata o encontro co mundo mexicano ou peruanu, de altas culturas, de espléndidas civilizacións, ata o *patio traseiro* dos Estados Unidos na actualidade.

Sería un longo traballo hermenéutico, que é necesario efectuar, un describir fenomenoloxicamente o como o *eu-europeo*, por exemplo dun Hernán Cortés, foi medrando ata se constituir nun *eu-divinizado*. Lendo a *Monarquía Indiana* de Juan de Torquemada, o seu libro IV, podemos observar este *desenvolvemento*. O autor parte dende o "nacemento de Fernando de Cortés" (12), e pouco a pouco vai describindo a súa chegada a Cuba, o seu paso de Yucatán e a Veracruz, para, ó final de moitas non vas peripecias, o mesmo conquistador cambia-la súa autopercepción e comezar efectivamente a crerse praticamente un *superhome* (*Uermensch*) divinizado, emprendendo campañas que nunca intentaría anteriormente.

Europa, dende a súa *centralidade*, comeza a *des-cubrir* o mundo ignoto. Constitúeo ("Konstitution" nun sentido husserliano) dende a súa propia experiencia, e por iso iralle dando diversos *sentidos*: o Novo Mundo (mítico, especular, imaxinario más ca real) será o lugar dos desexos non cumplidos do Antigo Mundo. Neste punto, de novo, o descubrimento é outra invención dunha *pulsión* (*Trieb*) europea (aquí habería que deixar que falasen Freud, Lacan...); fantasía, realización das utopías e os milenarismos fracasados de Europa. De tódolos xeitos, e sempre, a perspectiva parte dun *eu europeo* (*ego conquirio* primeiro, *ego cogito* despois), fundamento ontolóxico da interpretación do "encontrado", do "achado" de 1492.

Sen lugar a dúbidas, Europa *des-cubriu* América, pero este feito non é inocente nin deixa de crear unha ambigua responsabilidade.

1492: A experiencia da conquista

Non é o mesmo ir ó *descubrimento* ca ir á *conquista*. Conquista é un modo da praxe, praxe de dominación, por medio das armas. O *descubrimento* é aínda un acto de coñecemento, ten algo de renacentista, de científico (no sentido da *escola de navegación* que creou Enrique o Navegante, príncipe portugués do século XV), de aventureiros do Mediterráneo. A *conquista* fálonos de *re-conquista*, aquela que os cristiáns hispanos durante máis de sete séculos levaron a cabo contra os musulmáns. Dende o lonxano 718,

(12) Ed. UNAM, México, t.II, 1975, pp. 13ss. "Era mozo bulicioso e que coa viveza da sua condición daba coidado ós seus pais; e como nel coñeceron máis inclinado ás armas ca ás letras, concedéronlle licencia para pasar ás Indias (*Ibid.*, p.13). Ás Indias pasaban os *inclinados* ás armas.

cando comeza a reconquista en Covadonga, ata o 1550 aproximadamente, cando remata a ocupación dos imperios azteca e inca (algo máis do 70 por cento da poboación do continente americano da época), durante algo máis de oito séculos, España e Portugal tiveron guerreiros nas *fronteiras contra os infieis*. O *espírito* de Guerra Santa contra os musulmáns transformarase, sen moita conciencia, en loita contra os indíxenas. Por iso, cando Cortés, ó se lanzar contra os tlaxcaltecas berrou: "¡Santiago, a eles!"! –movendo a súa espada en sinal de principia-la batalla–, mostra un mesmo *élan*, onde a fe cristiá, a arma guerreira e mailo espírito de cruzada se articulan coma un todo.

A *conquista* é entón unha nova maneira de constituí-lo *sentido* do acontecemento 1492. Dende o *mundo* da España e do Portugal antimusulmáns, o crecemento da Cristiandade é percibido coma esixencia violenta, armada, guerreira. Unha praxe de dominación total xustifícarse na fe católica que lexitima a praxe do *eu conquisto* –fundamento práctico do futuro *eu penso* de Descartes, que é só a formulación ontolóxica anticipada na realidade histórica polos Corteses, Alvarados, Pizarros, Albuquerques e demais conquistadores–. Só un Ginés de Sepúlveda tivo a sinceridade de xustificar esta posición ideolóxica, teoloxicamente, en pleno século XVI.

Poucos hoxe pretenderían lexitimiar esta posición. Ideoloxicamente non ten partidarios. Sen embargo, no desexo dun festexo triunfalista, ou en accións tales coma a recente ocupación de Panamá (deembro de 1989), pode verse esta mesma vontade guerreira, onde a razón deixou lugar á violencia. A *razón teórica* da aventura case-científica do descubrimento foi reemprazada pola *vontade de poder* (nietzscheana).

1492: O comezo da evanxelización

Se observáramo-lo noso evento 1492 dende unha historia da cultura, non poderíamos deixar de denominalo un inicio de proceso de transculturación; ou da inculturación europea das culturas amerindias. Dende unha historia das relixións, foi un proceso de xigantesco esforzo de expansión da relixión cristiá sobre as diversas relixións amerindias. Recordo en Colombo (Sri Lanka), nun famoso templo budista, a representación moi antiga en fresco da chegada dos *misioneiros* budistas, arredor do século VI da nosa era, á illa. Viñan nun ataviado barco, coas súas roupaxes alaranxadas, eran monxes con aureola de santidade sobre as súas cabezas, cos textos budistas nas súas mans. Sobre as praías, de xeonllos, os primitivos singaleses (moito más negros, case que espidos, cos ollos abraiados), recibían a aqueles enviados

do ceo. Pareceume ve-la chegada dos *doce primeiros apóstolos* franciscanos que en 1524 comezaban a súa *misión* en México. Dende a conciencia dun crente (cristián, católico), aquilo foi o proceso de evanxelización (13).

Se se admite que a relixión cristiá era coma o "fundamento do Estado" –formulación hegeliana criticada por Soeren Kierkegaard– hispánico e do de Indias (que o Consello das Indias *arquitectonizaba* xurídica e politicamente dende 1524), non se trataba só da expansión do cristianismo (coma relixión), senón dun sistema completo (político, económico, cultural, etc.) que chamamos a "*Cristiandade das Indias*" (como a denominaba Toribio de Mogrovejo). En efecto, o que podería ser unha gloria do catolicismo, a evanxelización, en realidade foi un ambiguo proceso de xustificación da conquista violenta. De aí que non poidan lanzarse as campás a voo en ningún tipo de festexos, do que na historia non foi senón a lexitimación do xenocidio. Houbo efectivamente evanxelización (e por iso falar dunha "segunda evanxelización" é, alomenos, de mal gusto, porque ningún pobo se evanxeliza por *segunda vez* –¿que se pensaría se alguén propuxese evanxelizar novamente a Polonia ou a Alemania?; ¡só os que descoñecen a historia poden proponerse tales aventuras sen sentido!–), pero foi debida a unha moi particular maneira de interpreta-los acontecementos por parte dos indíxenas do *Novo mundo*. O escándalo, sen embargo, foi esencial e é ósindíxenas ós que hai que atribuí-lo mérito da primeira evanxelización (e a moitos misioneiros que, opoñéndose a españois e ás institucións da Cristiandade, viviron e morreron xunta ós *pobos indios*, coma os xesuítas das Reduccions).

É tamén unha posición ideolóxica de moitos católicos querer usufructuar hoxe a *gloria* da evanxelización do século XVI, non tomando conciencia de que máis ca unha *gloria* é unha grave *responsabilidade* que máis debería espertar *conciencia ética de culpa* ca ledicia con ánimos festivos. Coma tempo de *loito* e *penitencia* comprenden hoxe os mesmos indios o 12 de outubro. ¿Como podería a Igrexa (dende un simple fiel ata os bispos e o Papa) festexar sobre o cadáver ausente de tantos usurpados nos seus dereitos?

1492: O encontro de dous mundos

Esta si é unha posición ideolóxica máis recente. Ó intentar interpretarse o 1492, xa en 1892 –que foi a primeira vez que se celebrou, e coma cuarto

(13) Sobre o particular escribimos moito. Véxase a miña "Introducción" á *Historia General de la Iglesia en América Latina*, Sígueme, Salamanca, 1983 (con bibliografía, mapas, e descripción dos chamados "catorce ciclos evanxelizadores").

centenario, o descubrimento— as oligarquías latinoamericanas (dende a Arxentina de Julio Roca ata Porfirio Díaz en México) e maila propia monarquía española, encontraron tal data oportuna para garantí-lo propio poder. Por iso, era necesario exalta-la figura de Cristobo Colón. Debe recordarse que o papa León XIII, en 1892, escribiu unha encíclica na que ponderaba a figura do descubridor (mesmo algúns pensaron en presionar ó Vaticano para beatificalo). Era o momento da reconciliación entre liberais e conservadores en América Latina, cando a fundación do Estado concluíra unha primeira fase. As celebracións miraron más cara a e dende Europa que cara a e dende o indio.

Non é difícil, entón, que neste século –perante o quinto centenario–, dado o crecemento dos movementos indixenistas e a presencia de *populismos* (coma o varguismo en Brasil, o peronismo en Arxentina, o cardenismo en México, etc.), se desenvolvese unha ideoloxía máis conciliadora, que articulaba os intereses contradictorios de obreiros, campesiños, empresarios, dende a óptica dun capitalismo nacionalista. O *encontro* de dúas culturas, tomando a ámbalas dúas coma valiosas, é un gran paso adiante do *século XIX*. Pero ó mesmo tempo mostra unha gran ambigüidade.

¡Falar de *encontro* do que foi un violento xenocidio! Pensar que a mestizaxe –cando o español ou o portugués, coma na relación Cortés-Malinche tantas veces recordada– é unha gloria, esquecendo que foi a perpetración do *machismo*, da dominación sobre a muller india por parte do varón europeo primeiro, branco despois, e, por último, oligárquico crioulo, móstranos que se trata dun *eufemismo*. A ideoloxía populista apoia a interpretación ideolóxica do *encontro* de dúas culturas. En realidade, a cultura europeo-ibérica tronzou as culturas autóctonas, que subsistiron só mimetizadas en elementos dispersos de cultura, que pronto só sobrevivirán no folclore, na cultura popular dominada –e en extinción, se non se produce unha revolución popular cultural coma a intentada en Nicaragua polo Ministerio de Cultura no tempo dun Ernesto Cardenal, por exemplo–.

A crítica profética da conquista

Un novo sentido do 1492 foi o daquela xeración de profetas –que hoxe aínda ten sucesores na Teoloxía da Liberación–, que criticaron o descubrimento, a conquista e mailo pretendido *encontro*, coma sendo actos de dominación, coma "destrucción das Indias", coma "gravísimo pecado" (14). Para aqueles relixiosos, na súa maioría, teólogos da liberación da

(14) A nosa posición sobre a obra de Bartolomé de las Casas pode verse en *Desintegración de la Cristiandad colonial y liberación*, Sígueme, Salamanca, 1878.

primeira hora, Europa constituirá ós indíxenas coma obxecto de rapina, coma mediación de enriquecemento, coma tenras ovellas ante leóns "de moitos días famentos".

Dende o "mundo" –para falar novamente coma Heidegger–, dende a "comunidade de comunicación" hispánica –remitíndonos a Apel–, os indíxenas foron constituídos coma "entes" ó servicio dos fins dos conquistadores, "excluídos" da "comunidade de comunicación" coma bárbaros, rudos, nenos que deben ser educados para recibir por medio da civilización o "ser-humano". De feito negábaselle-la racionalidade. Algún deles propuxo xustamente, e por primeira vez na Modernidade, o tema do dereito dos indíxenas a recibir un tratamento racional e non de violencia.

A crítica profética da conquista é unha gloria de España. Ningún outro poder colonial posterior tivo tales profetas que criticasen tan claramente a empresa europea de ocupación violenta da *periferia*, do mundo colonial, do Terceiro Mundo. Sobre isto escribiuse moito e non desexo repetir.

1492: A orixe da Modernidade

Ideoloxicamente o 1492 pode ser aínda situado dun xeito que ten importancia na discusión actual. Trátase da interpretación da Modernidade.

En efecto, a cuestión da Modernidade está no centro dun certo discurso actual. En xeral, pénsase que a Modernidade se orixina sexa no Renacemento italiano, sexa na Reforma protestante. De tódolos xeitos, faise explícita teoricamente na *Aufklärung* e afiánzase politicamente na Revolución Francesa (antecedida pola inglesa un século antes). Como pode observarse, tódolos fenómenos son intra-europeos. Isto significa que os mesmos europeos non teñen de si mesmos unha interpretación histórico-mundial. Penso que, moi polo contrario, o fenómeno que lanzou a Europa a se auto-interpretar de maneira completamente nova foi, exactamente, a expansión que se produciu en 1492, cando un *Novo Mundo* –para Europa foi *Novo*– veu a cambiar *diaria* e *xeopoliticamente* a vida e mailo pensamento de tódolos europeos –e, por suposto, a vida e mailo pensamento de tódolos pobos *impactados na periferia* por tal evento–. Europa, sen notalo case, transformouse no *centro da recén nada empiricamente Historia Mundial*. Ata o 1492, as historias de tódalas culturas foran, inevitablemente, *rexionais*. Aínda as culturas euro-asiáticas (dende o Imperio romano ou as Cristiandades do Mediterráneo ata a China, mediando tódolos reinos musulmáns) non tiñan *empírica* ou *facticamente* unha experiencia da *mundialidade* da historia. Só cos portugueses (que articularon Europa coa Asia oriental) e cos

españois (que uniron Europa con América e de alí coa Asia das Filipinas) a Historia Mundial chegou *por primeira vez* a ser un *feito* da vida cotiá e científica. Europa principia a ser *centro* e todo o resto da Humanidade é constituído coma *periferia* (primeiro coma *periferia* colonial, posteriormente neocolonial, e actualmente coma un Terceiro Mundo, *subdesenvolto*). Penso que este *feito*, o 1492, inicia exactamente esta *centralidade* europea e é o *fundamento* do que hoxe se denomina *Modernidade*.

Esta sería xa unha toma de posición ideolóxica, a miña, a nosa coma persoas do Terceiro Mundo *periférico*. Cando Europa non ten conciencia do seu *ser-centro* é, simplemente, porque confunde a súa *particularidade* coa *universalidade* humana en xeral. *O europeo é o humano*. Saberse *centro*, en cambio, é tomar conciencia ó mesmo tempo de catro momentos: 1) É tomar conciencia de ser *centro*; 2) con respecto a unha *periferia* distinta; 3) nun planeta que é a *totalidade* que os engloba na diferencia; 4) con conciencia ética de exercer unha *dominación* coma *centro* sobre a *periferia*. Crese simplemente *universal* coma europeo, é caer en catro erros: 1) Confundi-lo *centro* coa *universalidade* humana; 2) xulgar á *periferia* por ser non-*centro* simplemente coma non-humana; 3) non coñece-la verdadeira *universalidade planetaria* coas súas diferencias; 4) declararse inocente dunha dominación que se exerce invisiblemente.

Colocar, por iso, o 1492 coma orixe da Modernidade é xa, para o mundo *periférico*, un gran avance ideolóxico na comprensión do mundo actual, onde as tensións Oeste-Leste deixan agora prioridade á dominación Norte-Sur. O 1492 devén unha data crucial nesta análise con intención práctica política.

II. A REVOLUCIÓN COPERNICANA DO SENTIDO DE 1492

Trátase agora de producir un cambio radical de *perspectiva*. É necesario abandona-lo *ser-no-mundo* europeo, sexa coma invención, descubrimento, conquista, encontro dende Europa doutra cultura, ainda coma crítica dos profetas cristiáns-europeos de tal conquista, e, por fin, do mesmo 1492 coma orixe dunha Modernidade *europea*. Agora situarémonos en *outro-mundo*, ou mellor, no *mundo-do-Outro* (15): o habitante autóctono deste continente sen

(15) Esta é, daquela, a tese fundamental de toda a Filosofía da Liberación, que vimos sustentando desde 1969. Sería longa a bibliografía que se podería traer a conto neste lugar. Escribímos en 1976: "O rostro do outro, primeiramente coma pobre e oprimido, revela a un pobo antes ca a unha persoa singular. O rostro mestizo sucado polas engurras do traballo centenario do indio, o rostro de ébano do escravo africano [...] O outro, a alteridade metafísica, a exterioridade no nivel antropolóxico, é primeiramente social, histórico-popular" (*Filosofía de la Liberación*, parágrafo 2.4.5).

nome (ou mellor, con moitos nomes, o que os diversos pobos ou etnias lle foron dando rexionalmente). Debemos situarnos, non dende as carabelas de Cristobo Colón e berrar: "¡Terra!", senón dende as praias das illas, e metérmonos nos ollos dos tainos ou caribes, e revivírmola experiencia de ver aqueles enormes monstros de madeira que coma "casas flotantes" (ó dicir dos mensaxeiros de Moctezuma) no Océano se achegaron dende o Leste, dende onde "nace o Sol". É necesario agora tomar coma punto de perspectiva o *mundo-indíxena*, que é a perspectiva actual do latinoamericano, sexa indio ou negro, mestizo ou branco; todos sufrimos por igual a *invasión* recente en Panamá, e todos debemos enche-los formularios en Estados Unidos e enrolarnos na cuadrícula de "latinos" (16), nova *etnicidade* inventada polos *anglos* dese país.

1492: A invasión dun continente

A limitación metafísica da ontoloxía heideggeriana (o mesmo cá "comunidade de comunicación" de Apel ou a "acción comunicativa" de Habermas) consiste en que, ainda que se fala do "ser-con (Mit-sein)" (17) (ou da "comunidade", ó xeito de Peirce), sempre se parte do si-mesmo, do nós-mesmos, do *Dasein* coma centro do mundo. Por iso a interpretación da "invención de América" toma, en primeiro lugar, a Colón e ó *Dasein* europeo coma centro do mundo. E, en segundo lugar, ó encontrado no Mar Océano coma un *ente*. Isto é exacto na historia e na realidade dos feitos. En efecto, o home europeo considerou o encontrado coma un ente, unha cousa. Non o respectou coma o *Outro*, coma outro mundo, coma o *alén* de toda constitución posible de sentido dende o mundo colombino. Formulou por iso, maxistralmente, O'Gorman o comezo dun discurso, pero non continuou o seu despregue (e por iso cae nun erro de proporcións, por unilateralidade).

Se usando o mesmo método heideggeriano nos situamos agora dende o *Dasein-habitante* deste continente, a persoa que mora neste espacio noso, a descripción non sería simplemente a invasión da anterior, senón que consistiría en reconstruír un sentido *distinto* do que aparece no horizonte do seu

(16) Neste tipo de formularios, pregúntase: "Negro" (non "latino"), "indio" (non "latino"), "branco" (non "latino"). É dicir, pódese ser indio mexicano, negro portorriqueño, branco arxentino, pero todos son "latinos". Sómo-los desprezados por debaixo dos "blacks" (tamén inxustamente discriminados), coma o sector humano máis desprezado. Somos hoxe, *todos* os latinoamericanos, os indios *invadidos* de onte.

(17) *Sein und Zeit*, parágrafo 26. Véxase a miña obra *Para una ética de la liberación latinoamericana*, parágrafos 13-15 (2da.ed.Edicol, México,1977,t.I,pp.98ss).

mundo propio. Túpac Amaru, no bando que se atopou no seu peto no momento do seu arresto, en 1781, escribira:

Por iso, e polos clamores que con xeneralidade chegaron ó ceo, no nome de Deus Todopoderoso, ordenamos e mandamos que ningunha das persoas devanditas pague nin obedeza en cousa ningunha ós ministros europeos intrusos (18).

Do latín *intruo* (meterse violentamente no interior), *intrusión* significa penetrar a un mundo, o do Outro, sen dereito, sen permiso, entrometerse. Para aquel gran rebelde inca, os europeos eran no noso continente: "intrusos". Dende Europa, en posición extrema, dáse a *invención* de América; dende o noso *mundo* ese feito é experimentado coma *intrusión*, pero, máis claramente áinda, coma *invasión*.

En efecto, o 11 de febreiro de 1988, a Asociación Indíxena Salvadoreña (ANIS), no *I Encontro Espiritual e Cultural*, repudiou a "invasión extranjeira de América" e declarou "un alto ó xenocidio e etnocidio de subpobos e culturas, así coma o refugo total á celebración dos 500 anos da invasión estranxeira" (19).

A *invasión* é agora unha categoría interpretativa existenciaria, tanto coma a *invención*, o *descubrimiento*, a *conquista* –e áinda a *evanxelización*–. Para o indíxena, ante o descoñecido europeo, o seu primeiro *pathos* foi de *desconcerto*: un non saber que pensar nin facer. No propio mundo do orixinario morador americano, ese home europeo, branco, ás veces louro, con cabalos nunca vistos, con cans sanguíneos tampouco coñecidos, con canóns de pólvora, con corazas de ferro, a única posibilidade ante o extraordinario foi consideralos coma "deuses":

En verdade infundían medo cando chegaron. As súas caras estrañas. Os señores (maias) tomáronos por deuses. Tunatiuh (20) durmiu na casa de Tzumpam (21).

O 6 de marzo de 1985, o Consello Indio de Sudamérica escribe na súa "Declaración da Comisión Internacional CISA polos dereitos humanos dos pobos indios":

(18) B. Lewis, *La rebelión de Túpac Amaru*, Sela, Buenos Aires, 1967, p.421.

(19) *El Día* (México), 12 de febreiro (1988), p.6.

(20) Tratábase do sanguinento Alvarado, lugartenente de Cortés: como era louro, chamábanlle "o Sol (Tunatiuh)".

(21) *Memorial de Soiololá. Anales de los Cakchiqueles*, II, 148; FCE, México, 1950, p.126. Véxase Nathan Wachtel, *La vision des vaincus. Les Indiens du Pérou devant la Conquête espagnole*, Gallimard, Paris, 1971.



Con seguridade que o xenocidio perpetrado sobre os xudeus polo réxime nazi da Alemania de Hitler pasaría a ser un feito minúsculo. Con seguridade que tódolos xefes políticos e eclesiásticos do Imperio español serían condenados, uns a morrer na forca, outros a cadea perpetua. Con seguridade que se faría xustiza perpetua (22).

Nunha "Consulta Indíxena" realizada en México por CENAMI, en outubro de 1987, sobre *500 anos de evanxelización en México*, os indíxenas mesmos declararon:

"Fomos enganados de que o descubrimento foi bo. O *Día da raza* aledámonos cando temos claras as consecuencias. Sería bo que as comunidades recibisen algún libro ou folleto do que realmente foi. Para que todos saibamos en qué estamos escravizados" (23). "Non precisamos (o 12 de outubro) festa, pois estamos nun velorio. Comentouse que o papa Xoán Paulo II pedira este novenario para face-la celebración, ó que se respostou que *el pode escoita-la nosa palabra. O Papa está posto para servir á Igrexa e nosoutros somos Igrexa*" (24). "Hoxe a conquista segue. Que na nosa conclusión quede a conquista coma algo terrible, coma un día de loito" (25). "Non queremos celebrar unha festa, se os misioneiros chegaron cos españois a conquistar. Non viñeron coma irmáns, como di o Evanxeo, senón a escravizar. Sinto tristura" (26).

Isto é exactamente o que nos relatan os antigos códices do século XVI, cando nos din:

O 11 Ahuau Katún, primeiro da conta, é o katún inicial, foi o katún en que chegaron os *estranxeiros* de barbas roibas, os fillos do sol, os homes de cor branca. ¡Ai! ¡Entristezámonos porque chegaron! Do Oriente chegaron os mensaxeiros do sinal da divindade, os *estranxeiros da terra*. ¡Ai! ¡Entristezámonos porque viñeron, os grandes amoreadores de pedras; os falsos deuses da terra que fan estoupa-lo fogo ó extremo dos seus brazos (27).

É unha invasión inesperada, por iso o emperador Moctezuma de México, de requintada cultura e extrema educación, "consultando ós seus

(22) Citado en *500 años de evangelización de México*, CENAMI, México, 1987, p.27.

(23) *Ibid.*, p.187.

(24) *Ibid.*, p.197.

(25) *Ibid.*, p.198.

(26) *Ibid.*, p.199.

(27) *El libro de los libros del Chilam Balam*, II, 11 Ahuau; FCE, México, 1948, pp.124-125.

dixeron todos que sen falta era chegado o seu antigo gran señor Quezaltcoatl, que dixerá que volvería e que así viña da parte do Oriente" (28). Dende a súa perspectiva, a chegada dos intrusos estranxeiros, dos invasores, era algo moi distinto cá sutil descripción de O'Gorman daquilo do "ser-asiático" ó "ser-americano". En realidade os indíxenas eran asiáticos pola súa raza, lingua, relixión, cultura, etc.; viñeran da Asia polo estreito de Bering, foran influenciados polas culturas do Pacífico. Dende ese seu mundo asiático na súa rexión americana, non tiveron categorías axeitadas para interpretar ós intrusos invasores. Só puideron pensar que eran deuses: cando descubriron que eran sanguíñentos homes... foi xa tarde:

Logo que as coñeceron [as ovellas: os indios], coma lobos e tigres e leóns cruelísimos de moitos días famentos botáronse enriba delas. E outra cousa non fixeron de corenta anos a esta parte, ata o de agora, e hoxe neste día fano, senón esnaquizalas, matalas, angustialas, afflixilas, atormentalas, destruirlas polas estrañas e novas e varias e nunca outras tales vistas nin lidas nin oídas maneiras de cruel-dade" (29).

Dende o *mundo*, dende a subxectividade do indio, o 1492 ten un sentido propio. E é cousa de preguntarnos: Coma cristiáns, ¿cal debe se-la nosa opción ideolóxica? ¿Poñernos no lugar de Colón ou de Cortés, no mundo do descubridor, conquistador (e ainda do evanxelizador), ou no mundo e na subxectividade do indio invadido? Esta é a cuestión que debemos responder nestes días.

Non podo continua-lo tema porque se transformou en algo máis longo do pensado. Gustaríame expoñe-la longa historia do *suxeito* histórico fundamental, dos *de abaxo*. Sería a longa historia de seis rostros pobres, dos *Pobres*, do *Outro* da nosa historia invertida. Sería a historia da resistencia e rebelión, das loitas e a esperanza de:

1. Os indios, os primitivos habitantes.

2. O negros traídos da África, transterrados e tratados coma bestas, coma mercadorías.

3. Os mestizos, fillos de Cortés (o pai dominador) e de Malinche (a nai que traiciona ó seu pobo): fillo de ninguén.

(28) Josué de Acosta, *Historia Natural*, VII, cap.16, BAE, Madrid, 1954,p.277.

(29) Bartolomé de las Casas, *Brevísima Relación de la destrucción de las Indias*, BAE, Madrid, 1957, t.V, p. 137.

4. Os campesiños, que despois da Emancipación a comezo do século XIX serán a gran mayoría da poboación pobre, explotada.

5. Os obreiros industriais de Buenos Aires, Sao Paulo ou México, e despois un pouco en todas partes, os explotados do capital.

6. Os marxinais, por último, que deixando o campo chegan ás cidades para engrosar un inmenso exército de reserva, que nunca poderán traballar, porque o capital *periférico* é débil, por ser, pola súa parte, explotado polo capital *central*.

É dende ese *suxeito* histórico, dende os pobres, dende onde se debe situa-la cuestión da *evanxelización*. En efecto, eles sufrieron o escándalo de que a conquista fose simultaneamente un proceso misioneiro. O violento guerreiro, coma Cortés, ía xunto ó misioneiro que pretendía falarles do Deus cristián, que foi crucificado polos poderosos da sua época proclamando: "¡Benaventurados os pobres!", no nome do cal o indio era crucificado nas cruces das encomendas, das facendas, das minas de prata... Sen embargo, estes pobos dos pobres aceptaron un cristianismo dende o Crucificado, co que se identificaron (entendendo que os soldados romanos de outrora, eran agora os soldados españoles; e que os Caifás e Anás de Xerusalén, eran agora os cristiáns mesmos que os condenaban). Noutro lugar deberemos estendernos sobre o *misterio* da conversión ó cristianismo dos pobos indios latinoamericanos.

Eles deben ser, todos eles coma *pobo*, o suxeito histórico da liberación futura. Hoxe, ante a crise que se produciu no mundo dende a caída do muro de Berlín, cando as contradicções Norte-Sur se tornaron centrais, será necesario volver a aquel lonxano 1492, pero será necesario ollalo dende a perspectiva, dende a mirada do indio, do negro, do mestizo, do campesiño, do obreiro, do marxinal latinoamericano, e preguntarnos polo seu *sentido*. ¿Que significa para nosoutros, hoxe, 1492? ¿Como nos liberaremos dunha longa historia de invasións que comenzaron en 1492, e que certamente non rematará en 1992?

Enrique DUSSEL

Traducción de Xosé Chao Rego